



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia PCO.001.2023.00455

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA O CONTRATO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS APARELLOS ELEVADORES DOS CENTROS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00455**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

**ANTECEDENTES**

1º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 20 de xuño de 2024 en relación co expediente PCO.001.2023.00455, acordou

**1.1.- Declarar incluídas definitivamente na licitación ás empresas:**

A. EMBARBA, S.A.
TK ELEVADORES ESPAÑA, S.A.

**1.2.- Declarar incluídas provisionalmente na licitación ás empresas:**

ASCENSORES ENOR, S.L.
OTIS MOBILITY, S.A.
ORONA, S.COOP.

2º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 8 de xullo de 2024 en relación co expediente PCO.001.2023.00455 acordou

**2.1.- Declarar incluídas na licitación as empresas**

ASCENSORES ENOR, S.L.
OTIS MOBILITY, S.A.

**2.2.- Excluir da licitación á empresa ORONA, S.COOP, que ten unha porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade na plantilla inferior ao mínimo legal del 2%, por non presentar a documentación acreditativa do cumprimento das medidas alternativas durante a vixencia do certificado de excepcionalidade e o xustificante da súa presentación anual á autoridade laboral.**

**2.3.- Outorgar un trámite de audiencia ás empresas TK ELEVADORES ESPAÑA, S.A. e A. EMBARBA, S.A. para que xustificaran as súas ofertas, que contiñan valores anormalmente baixos.**

3º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 8 de agosto de 2024 en relación co expediente PCO.001.2023.00455 acordou:

3.1.- Desbotar as ofertas presentadas por TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., por non considerala xustificada suficientemente, de acordo co informe do Servizo de Arquitectura e Mantemento, e por A. EMBARBA, S.A. por non presentar ningunha xustificación da oferta.

3.2.- Propoñer a adxudicación a ASCENSORES ENOR, S.L. que presentou a oferta máis vantaxosa que non contén valores anormalmente baixos para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación do contrato de SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS APARELLOS ELEVADORES DOS CENTROS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00455

4º.- Mediante Resolución da Presidencia número 32944 de data 9 de agosto de 2024 requiriuse a ASCENSORES ENOR, S.L. para que presentase a documentación esixida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

A citada entidade presentou a documentación requirida.

#### RESOLVO:

1º) Ratificar a exclusión da oferta presentada pola empresa ORONA, S.COOP, que ten unha porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade na plantilla inferior ao mínimo legal del 2%, por non presentar a documentación acreditativa do cumprimento das medidas alternativas durante a vixencia do certificado de excepcionalidade e o xustificante da súa presentación anual á autoridade laboral.

2º) Adxudicar mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, suxeito a regulación harmonizada, o contrato de SERVICIOS DE MANTENIMENTO DOS APARELLOS ELEVADORES DOS CENTROS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00455, á empresa **ASCENSORES ENOR, S.L., NIF B36650992**, con domicilio no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, rúa B, parcela 10.10; código postal 36314, Vigo (Pontevedra), nas seguintes condicións:

#### 2.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

#### 2.2. Prezo do contrato:

concepto	prezo anual sen IVE	IVE	prezo anual IVE incluído
Parte fixa	20.906,40	4.390,31	25.296,71
Parte variable	50.000,00	10.500,00	60.500,00
<b>total prezo anual</b>	<b>80.488,59</b>	<b>16.902,60</b>	<b>97.391,19</b>

#### 2.3. Desglose da oferta:

parte fixa			
Inmoble	prezo anual sen IVE	IVE	prezo anual con IVE
Pazo Provincial	5.695,20	1.195,99	6.891,19
Edificio Rego de Auga	1.663,20	349,27	2.012,47
Conservatorio Profesional de Danza	554,40	116,42	670,82
Teatro Colón	1.663,20	349,27	2.012,47
Fogar Infantil Emilio Romay	2.023,20	424,87	2.448,07
Edificio A Milagrosa	554,40	116,42	670,82
Instituto de Ensino Secundario Rafael Puga Ramón	554,40	116,42	670,82
Arquivo Provincial	360,00	75,60	435,60
Imprenta Provincial	914,40	192,02	1.106,42
Centro Rosalía Mera	2.217,60	465,70	2.683,30
Edificio Administrativo	1.108,80	232,85	1.341,65
Pazo de Mariñán	914,40	192,02	1.106,42
Centro de día de menores de Ferrol	1.274,40	267,62	1.542,02
Centro Etnográfico Teixeira	554,40	116,42	670,82
Torres do Allo	300,00	63,00	363,00
Pazo de Arenaza	554,40	116,42	670,82
<b>Total anual parte fixa</b>	<b>20.906,40</b>	<b>4.390,31</b>	<b>25.296,71</b>

\*o total con IVE é de 25.296,71 € e non 25.296,74 € que figuran na oferta

2.4. Outras condicións da oferta:

Concepto	prezo sen IVE	IVE	prezo con IVE
Prezo por hora ordinaria para as horas que excedan da dedicación ao contrato, en días laborais e horarios ordinarios	26,83	5,63	32,46
Prezo por hora extraordinaria realizada en días laborais	42,93	9,02	51,95
Prezo por hora extraordinaria realizada en festivos	46,95	9,86	56,81

2.5. Prazo de execución: Un ano, dende o 16 de outubro de 2024, ou dende o día seguinte á data de formalización en documento administrativo, se fose posterior. A vixencia do contrato poderá prorrogarse anualmente até un máximo de tres anos máis

2.6. Financiamento:

parte fixa					
Inmoble	partida	número de operación	orçamento	prezo	economía
Pazo Provincial	0420/93362/213	AP 220249000281	11.202,56	<b>6.891,19</b>	4.311,37
Edificio Rego de Auga	0420/93363/213	AP 220249000282	2.961,60	<b>2.012,47</b>	949,13
Conservatorio Profesional de Danza	0420/3261/213	AP 220249000283	1.030,12	<b>670,82</b>	359,30
Teatro Colón	0420/3335/213	AP 220249000284	2.575,30	<b>2.012,47</b>	562,83
Fogar Infantil Emilio Romay	0420/23112/213	AP 220249000285	3.154,74	<b>2.448,07</b>	706,67
Edificio A Milagrosa	0420/93368/213	AP 220249000286	1.030,12	<b>670,82</b>	359,30
Instituto de Ensino Secundario Rafael Puga Ramón	0420/3242/213	AP 220249000287	901,36	<b>670,82</b>	230,54
Arquivo Provincial	0420/33221/213	AP 220249000288	450,68	<b>435,60</b>	15,08
Imprenta Provincial	0420/92012/213	AP 220249000289	1.352,03	<b>1.106,42</b>	245,61
Centro Rosalía Mera	0420/93365/213	AP 220249000290	3.862,95	<b>2.683,30</b>	1.179,65
Edificio Administrativo	0420/93364/213	AP 220249000291	3.090,36	<b>1.341,65</b>	1.748,71
Pazo de Mariñán	0420/93366/213	AP 220249000292	1.352,03	<b>1.106,42</b>	245,61
Centro de día de menores de Ferrol	0420/23113/213	AP 220249000293	1.802,71	<b>1.542,02</b>	260,69
Centro Etnográfico Teixeira	0420/3336/213	AP 220249000294	901,36	<b>670,82</b>	230,54
Torres do Allo	0420/3363/213	AP 220249000295	450,68	<b>363,00</b>	87,68
Pazo de Arenaza	0520/24100/213	AP 220249000296	772,59	<b>670,82</b>	101,77
<b>Total anual parte fixa</b>			<b>36.891,19</b>	<b>25.296,71</b>	<b>11.594,48</b>

Parte variable			
Imputación	partida	número de operación	2025
Arquitectura e Mantemento	0420/93341/213	AP 220249000297	60.500,00
<b>Total anual parte variable</b>			<b>60.500,00</b>

Por tratarse dun contrato que estenderá os efectos ao vindeiro exercicio, financiarase conforme o disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato no exercicio correspondente. A mesma condición suspensiva rexe para as sucesivas anualidades e prórrogas.

2.7. De conformidade co disposto no artigo 151 LCSP, indícase que:

Resultaron admitidas para participar na licitación as ofertas de

A. EMBARBA, S.A.
TK ELEVADORES ESPAÑA, S.A.
ASCENSORES ENOR, S.L.
OTIS MOBILITY, S.A.

A empresa ASCENSORES ENOR, S.L. resultou a oferta economicamente máis vantaxosa que non contén valores anormalmente baixos e, en virtude desta resolución, adxudicataria do contrato.

A puntuación dos criterios de valoración, todos eles avaliados de forma automática foi a seguinte:

	Prezo da parte fixa	Prezo por hora ordinaria, laborais	Prezo por hora extraordinaria, laborais	Prezo por hora extraordinaria, festivos	
Valores prego	80	10	5	5	
Licitador	Puntuación	Puntuación	Puntuación	Puntuación	Total
OTIS MOBILITY S.A.	58,49	7,31	3,62	3,62	73,04
A. Embarba S.A.	73,24	10,00	5,00	4,88	93,12
TK Elevadores España,S.L.	80,00	8,01	4,93	5,00	97,94
ASCENSORES ENOR, S.L.	69,62	7,62	3,75	3,74	84,73

Os valores sinalados en vermello corresponden a ofertas anormalmente baixas. A oferta presentada por TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., non se considerou xustificada suficientemente, de acordo co informe do Servizo de Arquitectura e Mantemento, e a empresa A. EMBARBA, S.A. non presentou ningunha xustificación da oferta

3º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que ao efecto se lle sinala, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos polo importe que se lle indicará.

Ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación de adxudicación aos licitadores.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpoña recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento da presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, sen

prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP respecto da súa declaración de prohibición de contratar.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, o recurso especial en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado, de conformidade co previsto no artigo 50 do citado texto legal. No seu caso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.